

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS  
PARA A CABALGATA DE REIS 2010**

**INFORME**

Con data 2 de agosto de 2010 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria acordou:

*1º Aprobar o expediente de contratación do servizo de deseño e producción das carrozas para a Cabalgata de Reis 2011, que contén o prego de prescripcións técnicas particulares de 02/02/2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 11/03/2010.*

*2º Aprobar o gasto de 50.000 euros para a contratación do devandito servizo, que se imputarán á bolsa de vinculación da partida 3380.226.0901 do vixente presupuesto de Animación Sociocultural.*

*3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con polo menos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.”*

Durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, para a presentación de proposicións, publicado no PERFIL DO CONTRATANTE o 19 de agosto de 2010 para a contratación polo procedemento negociado sen publicidade do expediente 3477/335 que rematou o día 13 de setembro do presente ano ás 13:30 horas, presentouse a seguinte proposta:

1º.- LA FIESTA ESCÉNICA, SL.

Comprobada a documentación administrativa presentada pola empresa ofertante o resultado foi que esta tería que acreditar a solvencia técnica.

A mesa de Contratación celebrada o día 23 de setembro admite no procedemento a empresa LA FIESTA ESCENICA xa que subsanan a documentación técnica achegada, e procede a apertura do sobre nº 2 que contén a documentación técnica para elaboración de informe.

**Valoración artística e estética e adecuación ás condicións técnicas do prego: máximo 10 puntos (apartado 28.4.1 das FEC).**

**Deseño:** A súa proposta estética cumpre coa temática proposta nas bases técnicas, destacando elementos nas carrozas para os seguintes personaxes: Cincuenta, Alicia, Aladino e Peter Pan. Valórase positivamente a innovación con respecto a deseños de anos anteriores e considérase a proposta artística dos elementos ornamentais axeitada, xa que vai dirixida ao público infantil principalmente. Na memoria técnica específicase como mellora estética a incorporación de caixóns como parte integrada da escenografía evitando así que as caixas de cartón dos caramelos queden á vista.

**Medidas:** cumpren coas medidas mínimas establecidas no prego, longo 10 m., cun ancho de 2,50 m. e alto máximo de 5,50 m.

Iluminación: Cada carroza levará dous xeradores eléctricos de 6.000 watos. Utiliza luces PAR 64, e mangueira de luces para delimitar o perímetro da carroza. O espazo ocupado polos Reis Magos terá unha iluminación especial para destacalos e mellorar a súa visibilidade polo público.

Materiais: Na memoria indica detalles do proceso construtivo: utilizando materiais como madeira, metal, poliespán, proxección de poliuretano expandido sobre a figura para darlle rixidez ás paredes e figuras, resinas de poliuretano, tintas, lixado das figuras para eliminar rugosidades e acabados impermeabilizantes.

Superficie útil: Capacidade para 16 nenos/nenas protexidas por barandillas para evitar caídas e con asentos individuais para nenos (presenta detalle).

Seguridade: Na memoria presenta detalles sobre o proceso construtivo das carrozas facendo referencia á súa robustez e ao lixado das figuras para eliminar rugosidades. Ofrece como proposta de mellora rampa con alfombra antiesvarante, efectos luminotécnicos novos e asentos individuais para os nenos. Declara ter contratada unha póliza xeral do seguro de responsabilidade civil.

Cubrición e garantías de composición: Fai referencia ao proceso construtivo. As carrozas levan un recubrimiento final con impermeabilizante.

**Valoración: 9 puntos.**

Á vista do exposto e tendo en conta que a oferta se adecúa en liñas xerais coas condicións técnicas do prego, e que presenta unha proposta estética que cumpre coa temática proposta, procede informala favorablemente, valorándoa en 9 puntos.

LG/vmo

Vigo, 27 de setembro de 2010

A Técnica do Servizo de Animación Sociocultural

Luz María González Domínguez

